



**RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2018, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2017 (DOG Nº 234, DO 12 DE DECEMBRO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA PARA OS SERVIZOS SANITARIOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DA DEVANDITA XERENCIA – ESPECIALIDADE DE OTORRINOLARINGOLOXÍA**

Con data 30 de maio de 2018 a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña resolveu publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes no conxunto das dúas fases das que consta o procedemento establecido na convocatoria de data 21 de novembro de 2017 (DOG nº 234, do 12 de decembro), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área para os servizos sanitarios de atención especializada da devandita Xerencia – Especialidade de Otorrinolaringoloxía, con apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións polos/as aspirantes.

O apartado 4 da Base Sexta da Convocatoria establece que, resoltas as reclamacións, a Comisión de Avaliación elevará o listado definitivo á Xerencia, coa proposta de adxudicación do vínculo a favor daqueles aspirantes que acrediten a maior puntuación.

Emitida a proposta por parte da Comisión de Avaliación, e de conformidade co establecido na Base Sétima da Convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Publicar, como Anexo I, as puntuacións definitivas acadadas polos aspirantes no conxunto das dúas fases de que consta o proceso.

**Segundo.-** Adxudicar o nomeamento a aquel/a aspirante que acadou a maior puntuación, segundo se recolle no Anexo II.

**Terceiro.-** Fixar como data de sinatura do nomeamento e incorporación efectiva á praza o día 1 de xullo de 2018.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada



perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.


**DILIXENCIA:**

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente Resolución nos taboleiros de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña

A Coruña, 26 de xuño de 2018

O Director de RR.HH.

Asdo. Javier Fernández Nistal



A Coruña a 26 de xuño de 2018

O XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

Xerencia de Xestión Integrada da Coruña

**XERENCIA**

Asdo.- Luis Verde Remeseiro



ANEXO I

RESULTADOS DEFINITIVOS NO CONXUNTO DAS DÚAS FASES

Especialidade: Otorrinolaringoloxía

| ASPIRANTE               | FASE 1 (VALORACIÓN DE MÉRITOS) | FASE 2 (ENTREVISTA) | TOTAL |
|-------------------------|--------------------------------|---------------------|-------|
| Villares Soriano, Jaime | 25,10                          | 15,00               | 40,10 |



ANEXO II

ASPIRANTES SELECCIONADOS/AS

Especialidade: Otorrinolaringoloxía

| Apelidos e Nome         | Centro   | Tipo de Vínculo         |
|-------------------------|--|-------------------------|
| Villares Soriano, Jaime | Complexo Hospitalario<br>Universitario da Coruña | Substitución de reserva |